

PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
30/06/2011	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL D. Antonio Abril Abadín</p> <p>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. José María Barja Pérez.Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D^a M^a Jesús Grela Barreiro. Vicepresidenta</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Luis Barral Losada D. José Felipe Fernández López D. Gael González López</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</p> <p>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA D. Manuel Caamaño Suárez D^a Sonia Romero Teijo D^a Sofía Elia Vázquez Vilachá</p> <p>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA D^aOlga Patiño Doval D. Bruno Díaz Doce D. Xosé Lois Seixo Fernández D^a Delia Vázquez Vázquez</p> <p>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS D. José Carrillo Souto D. Juan del Valle Codesal</p> <p>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS D. Julio Rivero Gómez D. Antonio Couceiro Méndez D. Enrique Ulloa Canalejo</p> <p>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS</p> <p>SECRETARIO D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDOS ADOPTADOS
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase a acta correspondente á sesión do Pleno do Consello Social celebrada o 27 de abril de 2011.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 3 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, e no art. 3.1 a) do seu Regulamento de organización e funcionamento, aprobar a Memoria de Actividades do Consello Social da Universidade da Coruña correspondente ao exercicio 2010.
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase o nomeamento da conselleira Sonia Romero Teijo como membro da Comisión Temporal de Relacións Universidade-Empresa.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, informar favorablemente o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2011/2012.
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, un recargo de trinta euros por gastos de xestión no caso de atraso no pagamento de matrícula.
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a supresión das seguintes ensinanzas oficiais conducentes á obtención do título de mestrado: <ul style="list-style-type: none"> - Mestrado Universitario en Dirección de Empresa Familiar (mestrado interuniversitario promovido polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo). - Mestrado Universitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega (mestrado interuniversitario promovido polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo).
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, o cambio na denominación do "Mestrado Universitario en Exeñaría Marítima" polo de "Mestrado Universitario en Exeñaría de Mantemento e Instalacións do Buque".